

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE INFORMACIÓN PARA A XESTIÓN DO DEPARTAMENTO DE PROTECCIÓN DA CALIDADE DIFERENCIADA DA AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

En Santiago de Compostela a 31 de xullo de 2.019

REUNIDOS

Dunha parte, D. Manuel Rodríguez Vázquez, director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), actuando en nome e representación da dita Axencia, segundo o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos, que actúa por delegación do presidente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dacordo coa Resolución do 24 de abril de 2013 de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, DOG núm. 85 de 3 de maio de 2013.

Doutra parte, María del Mar Pereira Álvarez, directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 91/2012, do 16 de marzo, polo que se nomea directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude



EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que, segundo o artigo 6 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, a Amtega ten entre as súas competencias, a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

Así mesmo, de acordo co artigo 5 do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da Amtega a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, en nome da Amtega, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

SEGUNDO.

Por outra parte, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria é un ente de dereito público, con sede no Pazo de Quián (Sergude s/n - Boqueixón) adscrito á Consellería do Medio Rural, creado no ano 2018, en virtude do DECRETO 52/2018, de 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos. A nova axencia subrógase en todas as relacións xurídicas, os bens, dereitos e obrigas do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, asumindo as súas competencias e funcións legalmente atribuídas. A Axencia Galega da Calidade Alimentaria asume tamén, desde a súa constitución, as funcións e competencias atribuídas, en materia de formación, innovación e investigación e en materia de innovación tecnolóxica, á Dirección Xeral de Ordenación Forestal; así como as funcións e competencias en materia de promoción da calidade agroalimentaria atribuídas á Dirección Xeral de Gandarías, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

O obxecto da AGACAL comprende: constituírse no instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade; investigar e realizar o desenvolvemento tecnolóxico no sector agroalimentario; desenvolver as actividades de I+D+I nos sectores agrario, gandeiro e forestal, dentro do marco das competencias que a esta axencia lle atribúen estes estatutos; e realizar aquelas outras actuacións relacionadas coas actividades anteriores que determine a consellería de adscrición cos medios e persoal que a ela se adscriben.



Os labores de control e certificación da AGACAL son desenvolvidas polo Departamento de Protección da Calidade Diferenciada que actualmente realiza o control e certificación de 20 Denominacións de Orixe Protexidas e Indicacións Xeográficas Protexidas e a xestión económico-administrativa de 9 delas. A gran cantidade e diversidade de datos que é necesario xestionar anualmente produto das auditorías e da xestión dos rexistros de todos os operadores implicados nestas producións fai necesario dispoñer dun sistema de xestión da información que aporte seguridade ao traballo realizado, mellorando a eficiencia no desenvolvemento das tarefas da AGACAL neste eido.

Doutra banda, AGACAL está poñendo en marcha a regulación da artesanía alimentaria, que pretende recoñecer e fomentar os valores económicos, culturais e sociais que esta representa para Galicia. Isto supón un complexo sistema de rexistro, xestión de procedementos e control das empresas artesanais alimentarias que elaboran produtos de xeito tradicional; sistema que se quere xestionar desde este novo sistema de información.

TERCEIRO. A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, establece no seu artigo 14 que a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público, ou estas entre elas, poderán formalizar acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na lexislación de contratos do sector público.

Por outra banda, o Consello da Xunta, na súa xuntanza do 1 de agosto de 2014, acordou aprobar “as instrucións para o establecemento dun modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos”.

Tendo en conta o anterior e seguindo o modelo de sustentabilidade para a dixitalización dos servizos públicos, a AGACAL e AMTEGA manifestan a súa vontade de colaboración e con tal fin asinan este acordo con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste acordo é establecer as pautas que se seguirán con colaboración entre a Agacal e a Amtega para o desenvolvemento do proxecto “Sistema informático para información e xestión dos labores de control e certificación da calidade diferenciada da Axencia Galega da Calidade Alimentaria”.

SEGUNDA. Financiamento

O importe da achega da Axencia Galega da Calidade Alimentaria para a execución dos proxectos que se describen na cláusula terceira ascenderá a un máximo de (200.000 €), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia que será obxecto de retención de crédito, para a súa posterior baixa, na seguinte aplicación orzamentaria do seu orzamento:

Aplicación orzamentaria	Ano 2019	Ano 2020	Ano 2021
14.A2.561A 640.8 (2018 00057)	10.000 €	140.000 €	50.000 €

Posteriormente á formalización do presente acordo, levarase a cabo a modificación orzamentaria correspondente na aplicación 04.10.571A.732.00 da Secretaría Xeral da Presidencia, con correlativa ampliación de crédito na aplicación 04.A1.571A.626.0, código de proxecto 2014 00005, dos orzamentos da Amtega para as anualidade 2019, 2020 e 2021.

TERCEIRA. Actuacións a desenvolver

Ao abeiro do presente acordo, pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- a) Desenvolvemento dun sistema de información de apoio nos labores de control e certificación realizadas polo Departamento de Protección da Calidade Diferenciada da AGACAL en particular: certificación de produtos amparados por denominación de orixe, xestión de consellos reguladores, xestión das declaracións de empresas artesáns e persoas artesáns. Darase soporte ás seguintes





necesidades básicas: xestión de usuarios, rexistro de certificacións, rexistro de operadores e elaboradores, rexistro das declaracións e libros de control dos operadores e produtores, rexistro e xestión de contraetiquetas, emisión de facturas, xestión de consellos reguladores (altas, contabilidade, facturación), explotación da información a través de distintos informes, xestión de declaracións responsables de empresas artesáns, xestión de declaracións responsables de persoas artesáns.

b) A tramitación administrativa e a adxudicación do contratos e/ou expedientes que teñan lugar para a realización do obxecto anteriormente definido, de ser o caso. Para isto, a Amtega, como órgano de contratación, iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación. Asemade, correspóndelle o seguimento e a dirección das actuacións obxecto do contrato.

Asemade desenvolverase polas partes calquera outra actuación que, sendo complementaria das anteriores, acorden a AGACAL e AMTEGA sempre que o seu custo estimado non supere o importe da achega máxima recollida na cláusula segunda. No caso de actuacións que non sexan complementarias das incluídas nesta cláusula, ou que requiran un incremento do orzamento asignado no presente acordo, será suficiente unha addenda a este acordo que engada ditas actuacións á presente cláusula e o financiamento relacionado.

A titularidade do produto ou resultado obtido coa execución das actividades obxecto do presente acordo, será da AMTEGA.

CUARTA Previsións de desenvolvemento

Sen prexuízo do previsto na cláusula terceira, a colaboración derivada deste acordo poderá ser obxecto do desenvolvemento ulterior e concreción que sexa preciso, a través dos instrumentos ou das actuacións que se estimen necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente

QUINTA . Vixencia

Este acordo producirá os seus efectos a partir da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que cese o desenvolvemento nel previsto, e como data límite o 31 de decembro de 2021.





En todo caso, este acordo de colaboración quedará condicionado á tramitación e autorización da modificación de crédito indicada na cláusula segunda.

SEXTA. Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa e, para a resolución das discrepancias que se poidan producir, será de aplicación o artigo 13 da Lei 16/2010, de 18 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SÉTIMA. Transparencia e bo goberno

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia de Goberno Aberto.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este acordo por duplicado exemplar no lugar e data sinalados.

O presidente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
PD (Resolución do 24 de abril de 2013)(DOG número 85 de 3 de maio de 2013)
O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

Manuel Rodríguez Vázquez

A directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

María del Mar Pereira Álvarez

